

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/04

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 24 de maio de 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **24 de maio de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández (excusa ausencia)

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

Discúlpase a ausencia do Concelleiro do Grupo Popular Sr. Estevez Fernández.

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 23 E 27 DE MARZO DE 2018.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A concelleira do Grupo Socialista Sra.González Ginzo manifesta que non atopou a acta que recolle o Convenio do Centro de maiores, no seu correo, que seguramente lle chegou , e que tampouco poido acceder ao XESTIONA para poder vela, polo que se vai abster.

A Corporación, por catorce votos a favor e a dúas abstencións dos membros do Grupo Socialista, en votación ordinaria, acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2. EXPEDIENTE Nº 1534/2018 RELATIVO Á EXPROPIACIÓN FORZOZA PARA DEPÓSITO DE AUGA EN CHAO DE OVE.

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME.Por Secretaría dase conta do expediente epigrafiado.

O Sr.Alcalde explica brevemente o asunto e significa que se trata de facer agora os trámites preliminares e que aínda que se propoñía unha tramitación con carácter de urxencia non é necesaria a mesma polo que se tramitará de xeito ordinario.

A Comisión Informativa por unanimidade dos membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e informe proposta de Secretaría obrante no mesmo, para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o a relación, obrante no expediente, dos terreos cuxa ocupación ou disposición se consideran necesarios aos efectos de expropiación forzosa. Na relación exprésase, xunto co estado material e xurídico de cada un dos bens ou dereitos, os nomes dos propietarios ou dos seus representantes.

SEGUNDO. Facer pública a relación de bens ou dereitos xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios no **Boletín Oficial da Provincia, no xornal El Progreso de Lugo na sede electrónica deste Concello, e no taboleiro de anuncios do Concello**, con notificación individual aos interesados, a fin de que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

Parcela n.º	Titular catastral	Titular rexistral	Domicilio	DNI/NIF	Polígono	Parcela/ Rfa. Catast.	Superficie parcela	Superficie a ocupar
1	José Francisco López Ares	Josefa Ares Fernández	Chao de Ove, 11. 27713 Ove	33843360-X	3	20 27051J0030002000001 P	9,362,00 m2	7.181,00 m2

TERCEIRO. Caso de que non se producisen alegacións, considerarase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítirase informe técnico sobre as mesmas.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia tan amplamente en dereito como sexa preciso para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

3. EXPEDIENTE Nº 963/2018 RELATIVO Á EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA PROXECTO DE MELLORA E RESTAURACIÓN DE HÁBITATS NATURAIS SENDEIRO PEONIL EN AS ACEAS.-RIBADEO.

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“**DITAME:** Por Secretaría dase conta do expediente epigrafiado e informe-proposta de Secretaría que se transcribe:

INFORME-PROPOSTA DE SECRETARIA

Visto expediente tramitado relativo á expropiación por procedemento de urxencia de parcelas para acometer as obras do PROXECTO SENDEIRO PEONIL NAS ACEAS.

Vista providencia de Alcaldía do 25 de abril de 2018, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.

Consta no procedemento en trámite informe do servizo no que se recolle a existencia dun “Proyecto técnico para la mejora y restauración de hábitats naturales en el corredor Fluvioestuarino de la ría de Ribadeo-Ría del eo (zec río eo-galicia es1120002, zepa ribadeo

Es0000085, zec/zepa ría del eo es1200016).” de data 28 de febreiro de 2018 redatado por Javier Ferreiro da Costa, Enxeñeiro de Montes, Investigador contratado de IBADER e Emilio José Pardo Alvarez da empresa pública TRAGSA que recolle ademais das actuacións que agora serán obxecto de expropiación no termo municipal de Ribadeo outras que non afectan a este concello.

Igualmente existe un proxecto de expropiación dos terreos necesarios para acometer ditas obras, subscrito polo técnico municipal arquitecto D. Francisco M. Moreda Gil con data 27 de febreiro de 2018.

No mesmo sinálase que a adquisición dos terreos indicados por parte do Concello de Ribadeo resulta imprescindible para abordar a recuperación dos tipos de hábitat 91E0* e 9230 no tramo do corredor fluvioestuarino na Ría de Ribadeo situado ao Sur da Enseada das Aceas. Fronte a outro tipo de solucións (alugueiro, acordos individuais cos propietarios, etc.) é a única opción que garante o uso dos terreos exclusivamente para fines de conservación da biodiversidade, permitindo ademais asegurar a sostibilidade e longo prazo das actuacións de restauración deseñadas no proxecto LIFE FLUVIAL.

A expropiación é o sistema habitual utilizado polas administracións públicas para adquirir terreos por motivos de utilidade pública ou interese social, xa que é o único sistema posible e efectivo para desenvolver proxectos de interese público. No proxecto LIFE FLUVIAL, a superficie a adquirir está dividida en numerosas parcelas e propietarios que, ou ben non contan aínda cos documentos de propiedade, a pesar de ser os propietarios legais por herdanza, ou son dificilmente localizables ou identificables. Nestas circunstancias, a compra de todas as parcelas necesarias resulta inviable, xa que podería durar un longo período de tempo, impedindo realizar as actuacións proxectadas. Por iso, recórrase á expropiación, que ademais garante un pagamento igualitario e xusto a todos os propietarios, seguindo o baremo establecido pola Xunta de Galicia.

Cabe salientar, ademais, que a proposta para a expropiación destes terreos foi exposta verbalmente aos propietarios aos que se puido localizar con facilidade, sendo aceptada.

SEGUNDO. Con data 25 de abril de 2018 emitiuse informe por Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a mencionada expropiación forzosa.

TERCEIRO. No propio proxecto técnico expropiatorio redatado polo arquitecto municipal se recolle o informe dos Servizos Técnicos, no que se inclúe a relación de propietarios e leiras, 33 parcelas incluídas dentro do presente expediente de expropiación que se inclúen no catastro de rústica, e pertencen ao polígono 22, da concentración parcelaria de Ove (Ribadeo).

No Anexo 1 do proxecto expropiatorio inclúese o listado das parcelas cos datos de cada unha delas.

Sinálase tamén no referido documento a xustificación da urxencia da expropiación, así como a valoración dos bens e dereitos a expropiar que totalizan un importe de **44.696,55 €**

CUARTO. O día 26 de abril de 2018, emitiuse informe da Intervención no que quedaba constancia da oportuna retención de crédito polo importe a que ascendería o prezo xusto, no seu caso, segundo a valoración inicialmente fixada polo técnico municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa.
- Os artigos 3.4, 56, 60, 101 a 103 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957.
- Os artigos 34 e seguintes do Texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.
- O Regulamento de valoracións da Lei de Chan aprobado por Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable **procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación** de acordo co disposto no artigo 3.4 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación coa relación, obrante no expediente, **dos terreos cuxa ocupación ou disposición se consideran necesarios aos efectos de expropiación forzosa**, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa. Na relación exprésase, xunto co estado material e xurídico de cada un dos bens ou dereitos, os nomes dos propietarios ou dos seus representantes.

SEGUNDO. Facer pública a relación de bens ou dereitos xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios no **Boletín Oficial da Provincia, no xornal El Progreso de Lugo na sede electrónica deste Concello, e no taboleiro de anuncios do Concello**, con notificación individual aos interesados, a fin de que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

TERCEIRO. Caso de que non se producisen alegacións, considerárase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítirase novo informe técnico sobre as mesmas.

CUARTO. Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das actuacións previstas e remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación, de conformidade co disposto nos artigos 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia tan amplamente en dereito como sexa preciso para

a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

Cnosta igualmente no procedemento informe do Director do proxecto LIFE Fluvial relativo á aprobación do proxecto técnico para a mellora e restauración de hábitats naturais do corredor fluvioestuarino da ría de Ribadeo-Ría do Eo (ZEC RIO EO-GALICIA ES 1120002,ZEPA,RIBADEO ES 0000085, ZEC/ZEPA DO EO ES1200016

O Sr.Alcalde explica brevemente o asunto motivando a urxencia pola programación e o cronograma establecido para o desenvolvemento do proxecto LIFE referenciado.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e informe-proposta de Secretaría obrante no mesmo, para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos termos sinalados.

Delibérase polos membros do Pleno.

A Corporación municipal, por unanimidade dos seus membros presentes en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito nos propios termos do mesmo.

4. EXPEDIENTE Nº 1079/2018 RELATIVO AO CONVENIO BILATERAL DEPUTACION-CONCELLO DE RIBADEO PARA XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

1.- EXPEDIENTE Nº 1079/2018 RELATIVO AO CONVENIO BILATERAL DEPUTACION-CONCELLO DE RIBADEO PARA XESTIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Por Secretaría dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Visto documento remitido pola Excmá.Deputación Provincial en data 25 de abril de 2018 que se acompaña co acordo da Xunta de Goberno da Excmá.Deputación Provincial de Lugo de data 13 de abril de 2018 no que se acordou prestar aprobación ao convenio marco, interadministrativo de cooperación para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores co Concello de Ribadeo como relación bilateral.

Estimando procedente para a xestión do Centro de atención a maiores de Ribadeo adherirse ao referido acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Lugo de 13 de abril de 2018 ratificando así a aprobación do Convenio bilateral entre a Deputación e este Concello segundo o sinalado tendo en conta tamén o acordo plenario desta Entidade de data 23 de

marzo de 2018 relativo á aprobación da proposta de convenio marco interadministrativo entre diferentes concellos da provincia de Lugo, incluído o de Ribadeo e a Deputación Provincial para implantar a executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores.

Esta Alcaldía,

PROPÓN ao Pleno municipal do Concello que previo ditame da Comisión Informativa da área sociosanitaria se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Ratificar o Convenio marco, Interadministrativo de Cooperación para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores co Concello de Ribadeo como relación bilateral aprobado pola Deputación Provincial na Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2018.

SEGUNDO. *Trasladar certificación deste acordo á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos legais consiguientes.*

TERCEIRO. *Facultar á Alcaldía-Presidencia tan tampiamente en dereito como sexa preciso para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados."*

O Sr.Alcalde cede a palabra ao Secretario municipal que realiza unha exposición sobre o asunto.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a Proposta de referencia para adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal.

O Sr.Alcalde aclara o carácter de bilateralidade deste convenio con respecto ao anterior.

A Concelleira D^a Aurora González Ginzo do PSG-PSOE refírese aos apartados 6º e 7º no réxime económico sinalando que se pode aproveitar esta sesión para eliminar os mesmos sinalando o alcalde que non debería cambiarse nin unha coma posto que se trata dunha relación bilateral e que se trata de cumprir coa lei e beneficiar aos veciños de Ribadeo. A Concelleira agradece a explicación da Alcaldía.

O Concelleiro do PP Sr.López Penabad manifiesta a satisfacción do seu grupo desexando que se resolva mais rápido posible.

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente.

5. EXPEDIENTE Nº 1584/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2018 PARA FUTURAS INVERSIÓNS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 10/2018 do Orzamento Xeral do exercicio 2018 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- €€€€€€€€€€ Que na providencia-memoria de Alcaldía de inicio de data 14/05/2018 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente na existencia dunha serie de investimentos que poden reunir as características de financeiramente sostibles, de acordo co disposto na DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012, pero para os que aínda non foron elaboradas as correspondentes memorias esixibles pola normativa, e para os que non é conveniente retrasar cando menos a obtención da correspondente consignación orzamentaria, coa fin de que podan ser executados na anualidade. Tendo en conta que o concello conta a data de hoxe con remanente de tesourería que excede o superávit orzamentario suficiente para financiarlas, a pretensión será a tramitación dunha modificación de crédito na modalidade de suplemento empregando este remanente de tesourería como financiamento, e con posterioridade unha vez elaborados os correspondentes documentos técnicos, xustificar que se trata de investimentos financeiramente sostibles de xeito que non computen para a regra de gasto
- €€€€€€€€€€ Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de TRINTA E OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS E ONCE céntimos (38.797,11 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2018.

Visto o informe de Intervención emitido o día 14/05/2018 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- €€€€€€€€€€ Os artigos 169, 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- €€€€€€€€€€ Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario.
- €€€€€€€€€€ Disposición Adicional 16ª do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- €€€€€€€€€€ Real Decreto Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e modifícase o ámbito obxectivo destas

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 10/2018 de modificación do Orzamento Xeral de 2018 por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 10 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

APLICACIÓNS E CONCEPTOS ORZAMENTARIOS AFECTADOS:

Altas nas aplicacións de gastos

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
160.60900	Rede de sumidoiros. Outras inversións novas	127.368,94	50.000,00	157.368,94
342.61900	Instalacións deportivas. Outras inversións de reposición	30.000,00	50.000,00	80.000,00
454.61900	Camiños veciñais. Outras inversións de reposición	316.043,95	150.000,00	466.043,95
Total expediente de modificación de crédito 10/2018				250.000,00

Altas en conceptos de ingresos/Artigo 36.a) do Real decreto 500/1990

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	741.884,58	250.000,00	991.884,58
Total expediente de modificación de crédito 10/2018				250.000,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os

artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

TERCEIRO. – Que en virtude do disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se elaboren polos servizos técnicos municipais as memorias precisas para acreditar que os investimentos recollidos no presente expediente reúnen a condición de financeiramente sustentables nos termos esixidos pola lexislación vixente.”

Por parte do Sr.Interventor explícase brevemente como se artella o expediente para cumprir coa lexislación de aplicación significando que se trata dunha modificación de crédito para nun futuro cualificar como financeiramente sostibles e que non computen na regra de gasto.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta sinalada para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos termos da mesma.”

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente.

6. EXPEDIENTE Nº 2350/2017 RELATIVO AO REC Nº 2/2018

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2018:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Dispoñible	Importe REC
		2018	02/2018
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	1.044.899,02	6.433,92
TOTAL REC 02/2018			6.433,92

--	--

Considerando que o crédito a dispoñer para o recoñecemento extraxudicial, que se imputará concretamente á aplicación 165.22100, non perturbará o resto das obrigas a aplicar á bolsa de vinculación en cuestión ao longo do exercicio actual.

Visto e considerando o informe con reparos nº 046/2018 emitido polo Interventor Municipal de data 03/04/2018

Considerando que os gastos que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade, os seus importes se axustan ao pactado cos terceiros en cuestión, e non aprobalos suporía un enriquecemento inxusto.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe nº 046/2018 de 03/04/2018

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **6.433,92 euros**, correspondentes aos gastos dos exercicios 2015 a 2017 que se indican a continuación, relativos a custo da enerxía eléctrica a aboar aos terceiros que se citan que teñen enganchados no seu contador particular puntos de luz de alumado público, aplicando con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2018 os créditos recoñecidos, imputándoos á aplicación 165.22100:

Nº	NOME	2015	2016	2017	TOTAL
1	ALONSO FNADEZ MARIA ROSA	64,92	65,96	66,68	197,56
2	ALVAREZ BARRERA CARMEN	64,92	65,96	66,68	197,56
3	ARIAS LOPEZ MARIA ISABEL	64,92	65,96	66,68	197,56
4	ASOC. VECIÑOS O FORMIGUEIRO	64,92	65,96	66,68	197,56
5	BARRERA SENDIN AGUSTINA	64,92	65,96	66,68	197,56
6	CARREIRA EXPOSITO MANUEL	64,92	65,96	66,68	197,56
7	CARRIL CONDE MANUEL ALBERTO	64,92	65,96	66,68	197,56
8	FERNANDEZ FNDEZ Mª CARMEN	64,92	65,96	66,68	197,56
9	FERNANDEZ FOJO DOMINGO	64,92	65,96	66,68	197,56

10	FERNANDEZ RIVEIRO M. EMILIO	64,92	65,96	0,00	130,88
11	FERNANDEZ RODRIGUEZ J. LUIS	64,92	65,96	66,68	197,56
12	FERNANDEZ SAL GERMAN	64,92	65,96	66,68	197,56
13	GARCIA FOJO ALVARO	64,92	65,96	25,56	156,44
14	GARCIA GARCIA JOSE	64,92	65,96	66,68	197,56
15	GARCIA GARCIA RAMON FRAN.	64,92	65,96	66,68	197,56
16	LOPEZ DEL RIO MARCELINO	64,92	65,96	66,68	197,56
17	LOPEZ FRANCE JOSE DAVID	64,92	65,96	66,68	197,56
18	LOPEZ GARCIA RAMON	64,92	65,96	66,68	197,56
19	LOPEZ NAVARRO CECILIO	64,92	65,96	66,68	197,56
20	LOPEZ SANCHEZ CARMEN	64,92	24,00	0,00	88,92
21	MARTINEZ DIAZ JOSE PABLO	64,92	65,96	66,68	197,56
22	MARTINEZ ESPINA MARIA	64,92	65,96	66,68	197,56
23	MARTINEZ FERNANDEZ PEDRO	64,92	65,96	0,00	130,88
24	MENDEZ LOPEZ VICENTE	64,92	65,96	66,68	197,56
25	MENDEZ PERANDONES JOSE M ^a	64,92	65,96	66,68	197,56
26	MIRANDA MENOYO PEDRO	64,92	65,96	66,68	197,56
27	PEREZ ALONSO JOSE ANTONIO	64,92	65,96	66,68	197,56
28	PINTO LOPEZ ANA MARIA	64,92	65,96	66,68	197,56
29	REGO LOPEZ MANUEL	64,92	65,96	66,68	197,56
30	RODRIGUEZ LLANO JULIO	64,92	65,96	66,68	197,56
31	RODRIGUEZ GONZALEZ MATUTINA	64,92	65,96	66,68	197,56
32	RODRIGUEZ VILLAR ANGEL	64,92	65,96	66,68	197,56
33	SANTAMARINA DIAZ JOSE	64,92	65,96	66,68	197,56
34	VIDAL SUAREZ JOSE	64,92	65,96	66,68	197,56

2207,28	2200,68	2025,96	6433,92
---------	---------	---------	---------

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta sinalada para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos propios termos da mesma.”

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente.

7. EXPEDIENTE Nº 3180/2016 RELATIVO AO REC Nº 3/2018

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2018:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2018	Importe REC 03/2018
2.4	Actuacións de protección e promoción social. Transferencias correntes	46.655,74	4.553,75
TOTAL REC 03/2018			4.553,75

Considerando que o crédito a dispoñer para o recoñecemento extraxudicial, que se imputará concretamente á aplicación 231.48900, non perturbará o resto das obrigas a aplicar á bolsa de vinculación en cuestión ao longo do exercicio actual.

Visto e considerando o informe de intervención de 08/05/2018 e o informe de intervención REPARO Número: 2017-0008 Data: 03/02/2017

Considerando que os gastos que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que son imputables ao Concello de Ribadeo en virtude do convenio asinado coa asociación A

Concordia G27039437 o 02/04/2001, atópanse suficientemente acreditados no expediente en virtude do certificado do xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar de 24/05/2016, e non aprobalos suporía un enriquecemento inxusto.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe REPARO Número: 2017-0008 Data: 03/02/2017

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 4.553,75 euros a favor de don MANUEL MARIO RIVAS NOGUEIRA con DNI 76558380M, socio de A Concordia, correspondentes ao 50% dos importes satisfeitos polos servizos prestados no Centro de Día de Ribadeo, de acordo co recollido certificado do xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar de 24/05/2016, imputándoos á aplicación 231.48900 do Orzamento Xeral de 2018

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta sinalada para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos propios termos da mesma.”

A Corporación, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión informativa transcrito anteriormente.

8. EXPEDIENTE Nº 229/2018 DACIÓN DE CONTA PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO 1T//2018

Por Intervención dase conta do expediente epigrafiado, dándose por enterada a Comisión Informativa.

A Corporacion queda enterada.

9. EXPEDIENTE Nº 229/2018 DACIÓN DE CONTA CUMPRIMENTO DE PRAZOS, 1T/2018.

Por Intervención dase conta do expediente epigrafiado, dándose por enterada a Comisión Informativa.

A Corporacion queda enterada.

10. EXPEDIENTE Nº 3125/2016 DACION DE CONTA PEF DERIVADO DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO XERAL.

Por Intervención dase conta do expediente epigrafiado, dándose por enterada a Comisión Informativa.

A Corporacion queda enterada.

11. CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE FEBREIRO E 31 DE MARZO DE 2018 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS. MOCION. 1.- DA COORDINADORA ESTATAL POLA DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS SOBRE O REXEITAMENTO DUN PRODUTO PANEUROPEO DE PENSÍONS INDIVIDUAIS.

DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporación queda enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia entre as datas 1 de febreiro e 31 de marzo de 2018.

MOCIÓNS.-

1.- DA COORDINADORA ESTATAL POLA DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS SOBRE O REXEITAMENTO DUN PRODUTO PANEUROPEO DE PENSÍONS INDIVIDUAIS.

Pola Alcaldía cédese a palabra ao voceiro do Grupo do BNG Sr. Graña Rama que procede a dar lectura ao texto da Moción coa exposición da mesma.

“ATÓDOLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

D. Baltasar López Fernández ,con D.N.I. 76.558.438V domicilio en O Cargadeiro 15, 27700 Ribadeo, en representación do Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN), grupo integrante da Coordinadora Estatal,

EXPÓN:

Que os colectivos que conformamos a Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións, estamos mobilizándonos para defender o noso Sistema Público de Pensións fronte aos recortes causados polas sucesivas reformas lexislativas realizadas polos distintos gobernos que nos están furtando, reforma tras reforma, os dereitos adquiridos ao longo de toda unha vida laboral.

De igual maneira ante a previsible presentación, no próximo mes de xullo, na Comisión Europea do Produto Europeo de Pensións Individuais que reforza as desgravacións fiscais destes Plans de Pensións Privados e o deterioro, en consecuencia, do Sistema Público de Pensións, requerimos dos Grupos Municipais o rechazo da citada medida. A tal fin adxuntamos ao presente escrito unha Moción para o seu debate no Pleno.

Todo elo SOLICITÁMOLO como cidadáns deste Concello dado que estimamos son Vdes. os inmediatos representantes dos nosos lexítimos intereses e, como tales, os primeiros que deben defendernos e protexernos nas situacións que nos prexudiquen na nosa vida, tanto nos ingresos económicos, como nas prestacións asistenciais e sociais e/ou constrinxindo da maneira que sexa o noso Sistema Público de Pensións, sexan estas causadas polo noso Propio Estado ou pola Unión Europea.

En Ribadeo, a 16 de abril de 2018.

Moción do Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN) para instar ao goberno municipal do concello de RIBADEO a que se dirixa ao Parlamento

Europea para que rexeite a creación dun produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP) proposta pata Comisión Europea.

Exposición de motivos:

En xuño de 2017 a Comisión Europea (CE) remitiu ao Parlamento Europeo (PE) unha Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre un produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP). Da proposta dedúcese que:

1- O PEPP ten como primeiro obxectivo a creación dun mercado de capitais europeo dentro do "Plan de acción da Comisión para a creación dun mercado de capitais de setembro de 2015". A proposta da CE afirma que "Un mercado de pensións europeo de 'terceiro pilar' de maior tamaño impulsaría tamén a chegada de fondos de investidores institucionais". O PEPP non é, polo tanto, un instrumento de protección social, senón un mecanismo de acumulación de capitais.

2- A CE renuncia ao obxectivo de as pensións públicas seren suficientes, "o Informe sobre adecuación das pensións de 2015 concluíu que o aumento dos aforros adicionais ... destinados á xubilación podería mitigar as repercusións dunhas pensións máis baixas dos réximes públicos nalgúns Estados membros as pensións complementarias poderían desempeñar un papel chave nos ingresos por xubilación, en particular cando as pensións públicas poidan ser inadecuadas".

3- Para promover a subscripción do PEPP a CE esixe que se estabetezan nos Estados membros desgravacións fiscais, "A fin de animar os Estados membros a concederen unha desgravación fiscal aos PEPP, a Comisión adoptou, xunta coa presente proposta, unha Recomendación sobre o tratamento fiscal dos produtos de pensións individuais, incluído o produto paneuropeo de pensións individuais". As desgravacións fiscais polas achegas aos plans de pensións individuais son moi regresivas. As traballadoras e traballadores de salarios baixos non poden destinar ningunha cantidade a plans de pensións e polo tanto non desgravan. Son os perceptores de altos salarios e rendas do capital os que poden realizar grandes achegas e desgravar.

4- O PEPP abre un enorme espazo á valoración do capital financeiro. O valor de mercado das pensións individuais é de 0,7 billóns de euros. A CE calcula que, sen a introdución do PEPP, aumentará até 1,4 billóns en 2030 e, de se introducir o PEPP, até 2,1 billóns. O principal obxectivo da CE non é garantir unhas pensións dignas para as traballadoras e traballadores na idade da xubilación, senón como a Proposta repite unha e outra vez, "Obter máis capital e canalizalo cara a investimentos europeos a longo prazo na economía real". Porén, debería ser o sector público, a través dun orzamento europeo moito maior que o actual, o responsábel de decidir e executar os investimentos necesarios para a economía e a sociedade europeas, por exemplo, para a transición a un sistema enerxético descarbonizado.

5- A Comisión Europea (CE) enmarca o PEPP na promoción da innovación financeira, "promover unha contorna que estimule a innovación no sector de produtos financeiros ... o que pode contribuir á súa vez á prestación de pensións axeitadas, seguras e sostíbeis". Debemos lembrar que a innovación financeira estivo na orixe da crise financeira que estoupou con violencia en 2007 provocando nas economías dos países capitalistas desenvolvidos a maior crise económica e social desde a Segunda Guerra Mundial. Ademais a innovación financeira non garantirá pensións seguras, senón que contribuirá á acumulación de capitais en busca de valoración e á inestabilidade financeira que se desencadeou a partir dos procesos de financeiraización da economía capitalista mundial. O despropósito e a irresponsabilidade chega ao máximo cando a CE suxire o investimento en "instrumentos derivados" de altísimo risco e que contribúen a incrementar de xeito exponencial a probabilidade e gravidade das crises financeiras.

6- A CE explica que o PEPP permitirá "garantir que os consumidores sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto". A rendibilidade, ou a falta de rendibilidade, dos produtos financeiros é esencialmente incerta. Cómpre lembrar que na orixe da crise de 2007 está a creación e venda de produtos financeiros complexos construídos sobre hipotecas subprime. As tres grandes axencias de cualificación, Standar&Poor's, Moody's e Fitch, adxudicáranlles a eses produtos a cualificación de AAA, máxima solvencia, semanas antes de

que o seu valor se reducirá a 0. Alan Greenspan, presidente entón da Reserva Federal e máximo guru das finanzas mundiais, recoñeceu "aínda que era consciente de que moitas de desas prácticas estaban a ter lugar, non tiña nin idea do significativas que chegaran a ser até demasiado tarde". Con estes antecedentes pretender que as traballadoras e traballadores "sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto" e dos riscos que corren só pode ser incompetencia ou cinismo.

7- A CE enumera os promotores do PEPP, "bancos, compañías de seguros, xestores de activos, fondos de pensións de emprego, empresas de investimento". De aprobarse polo PE o PEPP, producirase un desvío de posíbeis cotizacións sociais que poderían aumentar os ingresos dos sistemas públicos de pensións a empresas privadas que obterán importantes beneficios.

Acordos

Por todo isto solicitamos a Corporación Municipal deste Concello a que:

Acorde dirixirse a Comisión Europea para a retirada desta proposta de Regulamento do PEPP

Acorde dirixirse o Goberno Español para que propoña e apoie a retirada desta proposta no Consello Europeo.

Acorde dirixirse os Grupos Parlamentarios para que rexeiten dita proposta de Regulamento cando saia a debate na Comisión Europea.

Acorde dirixirse ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para pedirle que estudie as medidas necesarias para que os sistemas públicos de pensións garantan unhas pensións dignas e suficientes.

Acorde dirixirse o Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para que promovan a eliminación das desgravacións fiscais das aportacións os fondos de pensións privados.

En Ribadeo, a 16 de Abril de 2018. Sinatura. ""

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación á Moción de referencia nos propios termos da mesma.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Por parte da Sra. Saiz García do Grupo Cidadans sinálase que non se formularán rogos nin preguntas.

DO GRUPO SOCIALISTA.-

Intervén a Concelleira Sra. González Ginzo que aproveita para pedir disculpas xa que dí, con relación ao apartado das actas, que puido consultar a acta na pàx. web do concello pero non se lle ocorreu.

Refírese ao problema plantexado no último pleno coa xestora da auga, que non chegaban as facturas e que había un teléfono para consultas pero que non era eficaz para resolver os

problemas e pregunta a Alcaldía se se fixo algo.

O Sr.Alcalde resposta que si, que falou con VIAQUA que lle dixeron que o teléfono era gratuíto e para mellorar o servizo pero que non lles gustaba que se deslocalizara. Por parte da Intervención sinálase que no contrato asinado non consta a obriga de atención 24 horas e en canto á facturación non teñen constancia de que non cheguen as facturas. O Sr.Alcalde suliña que é certo que a facturación da auga sempre chegou mais tarde que outros servizos como por exemplo a factura da luz.

Noutra orde de cousas a mesma Concelleira Sra.González Ginzo refírese á actividade na Illa Pancha que parece ser que está entrando xente que non ten nada que ver coa actividade de hotel que se desenvolve alí e qe parece ser que se fan reportaxes fotográficas de primeiras comunións, etc., no espazo fora da concesión e pregunta se hai algún tipo de criteiro para deixar pasa a unhos e outros non; se o concesioanrio cobra por entrar á illa ou non, etc. e se sabe o que está pasando ali. Pregunta tamén se o Concello pode facer algo.

Indica que existen fotografías e documentación.

O Sr.Alcalde dí que a titularidade é da Autoridade Portuaria e que en todo caso se dirixirán a ella para coñecer que pasa.

A Sra.Concelleira dí que aportará a documentación que poida.

DO GRUPO POPULAR.-

A continuación intervén o Concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr. López Penabad que se refire ás obras que se realizan na rúa San Roque preguntando se se van a deixa acometidas para futuros enganches e referíndose tamén á posibilidade de facerse coa parceliña acarón da capela de San Roque tal e como se fan eco as redes sociais.

O Sr.Alcalde sinala que ao goberno municipal non lle parece mal e que haberá que estudialo xa que tamén deberá intervir patrimonio coa posibilidade de autorizar no seu caso a segregación,e que tamén haberá que ver a valoración, etc. etc. que xa fixo xestións sobre este asunto e que se segue mirando.

O Sr.López Penabad manifesta que lle parece ben as xestións que fixo e quedan á espera de ver se se pode concluir favorablemente.

O mesmo concelleiro do Grupo Popular refírese a que botan de menos unha Moción que presentaron en tempo e forma sobre condena do terrorismo e apoio ás familias das vítimas así como agradecemento áos corpos e forzas de seguridade do estado.

O Sr.Alcalde dí que se traerá.

Pregunta tamén o Sr.Concelleiro polo fondo de compensación para saber exactamente en donde se gasta. Resposta o Concelleiro delegado Sr. Castro Reigosa.

Tamén para rematar pregunta se está averiada ou non como dín a barredora nova. Resposta o Concelleiro delgado Sr. Freije Díaz que non está averiada pero que ten unhos defectiños que deben ser araxados pero que está en garantía.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e dous minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE